

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027964	IES de Oroso	Oroso	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	3
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	4
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	5
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	8
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	8
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	9
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	11
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	11
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12
o) Outros apartados	12

## a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

De acordo co disposto no Decreto 156/2022, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, enténdese como obxectivos de etapa aqueles logros que se espera que o alumnado alcance ao finalizar a etapa da ESO, vinculados á adquisición das competencias clave, que se concretan no apartado b desta concreción curricular.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitarse os estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e avanzar nunha reflexión ética sobre o seu funcionamento e a súa utilización.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en sí mesmos, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, mensaxes e textos complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das demais persoas, así como o patrimonio artístico e cultural.

k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e do das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado, a empatía e o respecto cara aos seres vivos, especialmente os animais, e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## b) A contribución á adquisición das competencias clave

As competencias clave son aqueles desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais (Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente). Así mesmo, eses desempeños evidéncianse nas capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización axeitada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

As competencias clave da etapa son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- Competencia plurilingüe (CP).

- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- Competencia dixital (CD).
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- Competencia cidadá (CC).
- Competencia emprendedora (CE).
- Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Potenciarase a aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe. A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial abordarase dende todas as materias, xa que non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso.

A avaliación das competencias clave, está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora. Para a avaliación de cada competencia tomaranse como referentes os criterios de avaliación de cada unha das áreas ou materias que contribúan á adquisición de cada competencia, que de acordo co peso outorgado a cada criterio, conlevará a cualificación final de cada competencia.

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Mediante as diferentes materias establecidas no currículo, traballarase: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, o desenvolvemento dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade. Fomentarse de xeito transversal a igualdade entre homes e mulleres, a educación para a saúde (incluída a afectivo-sexual), a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

Promoverase a prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida (persoal, familiar e social), así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia. Fomentarse o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo estado de dereito.

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista nos termos establecidos legalmente.

O desenvolvemento dos elementos sinalados concretarase nas programacións didácticas dos distintos departamentos, no plan de acción titorial e no plan de actividades complementarias e extraescolares, onde se realizará planificación por niveis ao inicio de cada curso escolar, co fin de evitar repeticións e improvisacións.

De xeito máis pormenorizado:

- Promoverase a constitución, dentro do profesorado, de grupos de traballo que deseñen e planifiquen as accións educativas a levar a cabo para o tratamento dos temas transversais, xa sexa co apoio de programas da CCEFPU (Plans Proxecta, Contratos-Programa, ...) ou de xeito interno no centro.
- Realizarase un traballo sistemático e planificado desde as titorías de todos estes temas (Plan de Acción Titorial)
- Planificaranse actividades extraescolares e complementarias relacionadas con estes contidos (Programación do Departamento de Actividades Complementarias e Extraescolares).
- Ofertarase unha orientación escolar e profesional non discriminatoria, tratando de romper os estereotipos tradicionais: profesións para homes/profesións para mulleres.
- Utilizarase unha linguaxe, actitudes e comportamentos non sexistas.
- Garantirase un acceso en igualdade de condicións por parte das alumnas e dos alumnos aos recursos escolares.

Adicionalmente, partindo da lingua propia de Galicia como principal sinal de identidade, empregarase como ferramenta de comunicación prioritaria no centro por parte do profesorado e persoal de administración e servizos, co fin de axudar a superar certos prexuízos lingüísticos e motivar co noso exemplo ao alumnado a empregar a lingua galega.

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

No proceso de ensino-aprendizaxe, será necesario conxugar os diferentes estilos docentes que poidan existir no centro, procurando a busca do equilibrio e complementariedade entre eles, de xeito que non se perda nunca a referencia dos seguintes principios básicos:

- Favorecer a aprendizaxe significativa e o desenvolvemento da capacidade de aprender a aprender.
- Potenciar a formación integral e o desenvolvemento persoal, tanto cognitivo como psicosocial.

En liñas xerais, seguiranse o seguintes criterios:

- Terase en conta que se está impartindo docencia nunha etapa de educación obrigatoria: que non é, certamente, a de primaria; pero tampouco a de bacharelato. Tratar de impartir docencia prescindindo desta realidade, pode levar ao fracaso, sexa por defecto ou por exceso.
- Promoverase a motivación do alumnado, partindo dos seus intereses, as súas aspiracións, necesidades, capacidades e do medio que o rodea.
- Evitarase o fracaso escolar baseado nos pre-conceptos negativos que se poidan ter respecto ás posibilidades de progreso do alumnado.
- Os resultados das avaliacións informarán sobre a adecuación dos criterios e instrumentos de avaliación en cada materia, que se empregarán para mellorar a práctica docente.
- Analizarase o proxecto educativo, introducindo as melloras que garantan o éxito escolar de todo o alumnado.
- Potenciaranse medidas organizativas que permitan unha mellor atención á diversidade: diversificación curricular, agrupamentos específicos, grupos de reforzo e cantas accións de apoio se estimen necesarias.
- Promoverase participación do profesorado en actividades de formación, tanto individualmente como de xeito colectivo (PFPP).

#### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

O centro dispón unha serie de materiais e recursos didácticos para a consecución dos obxectivos da etapa e a adquisición das competencias clave. As programacións didácticas dos diferentes departamentos recollerán os recursos e materiais concretos que serán empregados no proceso de ensino-aprendizaxe, en función da súa adecuación aos principios metodolóxicos xerais establecidos nesta concreción curricular e os específicos de cada materia.

Os espazos dispoñibles no centro son:

- 1 aula de referencia para cada unidade/grupo da ESO, dotadas de ordenador e proxector.
- 4 aulas de desdobre, dotadas de ordenador e proxector.
- Aula de informática.
- Laboratorio compartido de bioloxía/xeoloxía e física/química.
- Aula de música.
- Aula-taller de tecnoloxía.
- Aula de Plástica.
- Biblioteca.
- Salón de actos e conferencias.
- Sala de reunións.
- Sala de profesorado.
- Sala de atención ás familias.
- Pavillón.
- Pistas exteriores de fútbol/baloncesto.

## f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Oferta educativa do centro

A oferta educativa do IES de Oroso comprende os cursos de 1º a 4º de ESO.

As horas de libre disposición do centro en 1º e 2º de ESO, adicárase a aumentar a carga lectiva das materias que decida a CCP cada curso académico, en función dos resultados do alumnado e de cuestións loxísticas dos departamentos didácticos e do centro en xeral.

Itinerarios formativos

No 4º curso da ESO, deseñáronse itinerarios formativos diferenciados atendendo á oferta no ensino pos-obrigatorio (as modalidades de bacharelato existentes e a oferta de ciclos medios da Formación Profesional).

Optatividade

1º ESO

O alumnado debe elixir 1 das seguintes optativas:

- Relixión católica
- Proxecto competencial

2º ESO

O alumnado debe elixir 1 das seguintes optativas:

- Relixión católica
- Proxecto competencial

3º ESO

O alumnado debe elixir 1 das seguintes optativas:

- Relixión católica
- Proxecto competencial

A maiores, o alumnado debe elixir 1 das seguintes optativas:

- Segunda lingua estranxeira: Francés
- Cultura clásica
- Oratoria
- Educación dixital
- Cultura financeira

4º ESO

O alumnado debe elixir 1 das seguintes optativas:

- Relixión católica
- Proxecto competencial

A maiores, o alumnado debe elixir entre:

- Matemáticas A
- Matemáticas B

e 4 materias das seguintes optativas (agrupadas en itinerarios dispoñibles nos documentos de matrícula):

- Bioloxía e Xeoloxía
- Dixitalización
- Economía e Emprendemento
- Expresión Artística
- Física e Química
- Formación e Orientación Persoal e Profesional
- Latín
- Música
- Segunda Lingua Estranxeira: Francés
- Tecnoloxía

Pese a ser ofertadas, a impartición de materias optativas no 3º e 4º curso queda condicionada ás limitacións que establece a Consellería con competencias en educación para cada curso académico.

Outras medidas organizativas, de atención á diversidade e curriculares.

No exercicio da autonomía do centro, poderanse levar a cabo certas flexibilizacións nas ensinanzas da ESO, adecuándoas ás características do alumnado. Entre estas medidas poderanse aplicar:

- Adaptacións do currículo
- Integración de materias en ámbitos
- Programas de diversificación curricular
- Agrupamentos flexibles nalgunha/s materia/s
- Desdobramentos de grupos
- Exención da segunda lingua estranxeira
- Programas de reforzo
- Medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Medidas de atención ao alumnado con necesidades educativas específicas (discapacidades, trastornos graves da conduta, da comunicación e/ou da linguaxe).

## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Tipos de actividades

Complementarias: aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espacio ou recursos que se utilizan.

Extraescolares: aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na Programación Xeral Anual (aprobada polo Consello Escolar), se realizan fóra de horario lectivo.

O departamento de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades.

Previsión de actividades

1.- Ao inicio de curso, as xefaturas dos departamentos do centro entregarán á xefatura do departamento de actividades complementarias e extraescolares as propostas de actividades, incluídas nas programacións didácticas de cada departamento.

2.- A xefatura do departamento de actividades complementarias e extraescolares remitirá á dirección as propostas recibidas para a súa inclusión na Programación Xeral Anual (PXA), e posterior aprobación no Consello Escolar.

3.- As actividades que contan coa aprobación do Consello Escolar daranse a coñecer á comunidade educativa.

Realización de actividades

Unha vez aprobada a previsión de actividades polo Consello Escolar, o equipo directivo coñecerá coa suficiente antelación toda a información relativa á actividade a desenvolver para, no seu caso, organizar as gardas de profesorado e/ou arbitrar as medidas para atender ao alumnado que non participe na actividade. Dita información abrangue:

- Tipo de actividade a desenvolver.
- Datas previstas de realización (coa hora de inicio e hora de finalización), tendo en conta a previsión de actividades para que non haxa solapamentos.
- Curso e número de alumnado.
- Profesorado acompañante (1 docente por cada 20 alumnas/os). Procurarase, sempre que sexa posible, que o profesorado acompañante teña horas de docencia co alumnado participante no tempo de duración da actividade.
- Necesidade de transporte

A secuencia cronolóxica será a seguinte:

1.- O profesorado organizador da actividade consultará co equipo directivo a viabilidade da mesma, achegando a información sinalada anteriormente.

2.- Unha vez autorizada polo equipo directivo, o profesorado organizador transmitirlle dita información á xefatura do departamento de actividades complementarias e extraescolares, para a súa difusión no cadro de actividades previstas e solicite presupostos de transporte, de ser o caso.

3.- O profesorado organizador encargárase de editar as autorizacións ao alumnado (dispoñible na Aula Virtual do IES de Oroso), recollelas asinadas polas familias, elaborar unha listaxe de alumnado participante definitivo e entregarlle toda a documentación á xefatura do departamento de actividades complementarias e extraescolares.

4.- A xefatura do departamento de actividades complementarias e extraescolares, achegará toda a documentación ao equipo directivo un día antes da realización da actividade.

5.- Nas datas posteriores (próximas a actividade), a xefatura do departamento de actividades complementarias e extraescolares fará difusión da actividade na conta de instagram e/ou páxina web do centro.

6.- De acordo coas NOFC, como norma xeral, non se organizarán actividades nas dúas semanas previas á primeira e

segunda avaliación, e un mes antes da avaliación final.

#### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

De acordo co establecido no Plan Xeral de Atención á Diversidade do IES de Oroso e co disposto no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de Decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
  - a) Identificación da alumna ou do alumno.
  - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
  - c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
  - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
  - e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
  - f) Tarefas para realizar, coa debida temporización.
  - g) Seguimento e avaliación.
  - h) Acreditación da información á familia.
4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

#### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

De acordo co establecido no Plan Xeral de Atención á Diversidade do IES de Oroso e co disposto no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o decreto 229/2011, do 7 de Decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación:

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación secundaria obrigatoria permaneza un ano máis no mesmo curso debe seguir un plan específico personalizado, que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas. Este plan elaborárase o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.
2. O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:
  - a) Identificación da alumna ou do alumno.
  - b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
  - c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
  - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
  - e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
  - f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
  - g) Acreditación da información á familia.
3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.



## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

### **Avaliación**

1. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso ou a obtención do título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.
2. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.
3. No contexto do proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o adecuado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición do nivel competencial necesario para continuar o proceso educativo.
4. A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
5. A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos anexos II e III do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
6. Na avaliación, promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado, garantíndose, así mesmo, que as condicións de realización dos procesos asociados á avaliación se adapten ás necesidades do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
7. Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará de forma colexiada o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

### **Promoción**

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo ao grao de consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias clave establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV (Decreto 156/2022) das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
  - c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
  - d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
  - e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias ou ámbitos sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias ou ámbitos, destinado á súa recuperación e á súa superación. Este alumnado deberá superar as avaliacións correspondentes aos devanditos plans, de acordo co disposto pola consellería con

competencias en materia de educación. Esta circunstancia será tida en conta para os efectos de promoción e titulación previstos neste punto e no seguinte.

4. O establecido no punto anterior será de aplicación para o alumnado que se incorpore a un programa de diversificación curricular a que se refire o artigo 22 (Decreto 156/2022), naquelas materias de cursos anteriores que non superaran e que non estean integradas nalgún dos ámbitos do programa. As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.

5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso consideraranse unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Nos programas de diversificación curricular, as decisións sobre a permanencia neles un ano máis adoptaranse exclusivamente á finalización do segundo ano do programa.

6. A elaboración e o seguimento do plan de reforzo e do plan específico personalizado a que se refiren os puntos anteriores realizarase de acordo co disposto pola consellería con competencias en materia de educación.

7. En todo caso, a alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional, poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias clave establecidas para a etapa. Neste caso poderase prolongar un ano o límite de idade a que se refire o artigo 5.1, do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

8. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, a escolarización do alumnado de necesidades educativas especiais na etapa de educación secundaria obrigatoria en centros ordinarios poderá prolongarse un ano máis, sempre que iso favoreza a adquisición das competencias clave establecidas e a consecución dos obxectivos xerais da etapa.

#### Titulación

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias clave establecidas no perfil de saída e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 24.1 (Decreto 156/2022), e tendo en conta os criterios de titulación.

2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.

3. O título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirase sen cualificación.

4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias clave definidas no perfil de saída.

5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias ou dos ámbitos que non superase, de acordo co currículo establecido neste decreto e nos termos que dispoña a consellería con competencias en materia de educación.

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

As alumnas e alumnos que logo da avaliación final do 4º curso, obtivesen unha nota media igual ou superior a 9 puntos, poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse como máximo a un número de alumnos e alumnas igual ao enteiro máis próximo ao 5% do total de alumnado matriculado no centro docente en 4º curso. En todo caso, cando no centro docente o total do alumnado matriculado no 4º curso de ESO sexa inferior a vinte poderán concederse unha mención de Matrícula de honra. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado concretáanse como segue:

- 1.- No caso de que o alumnado de 4º curso cunha nota media igual ou superior a nove puntos sexa superior ao 5% do alumnado matriculado no centro de 4º curso, outorgarase a mención de matrícula de honra ao alumnado coa nota media máis alta ata esgotar o número máximo de mencións.
- 2.- No caso de existir empate, empregarase a nota media de 4º de ESO co mesmo criterio.
- 3.- No caso de persistir a situación anterior, empregarase a nota media do 3º curso de ESO.
- 4.- No caso de non ser suficiente, empregarase a nota media do 2º curso de ESO.
- 5.- No caso de non ser suficiente, empregarase a nota media de 1º curso de ESO.

### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

As programacións didácticas das materias ou dos ámbitos das ensinanzas de ESO realizaranse mediante o aplicativo PROENS e incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

- a) Introducción.
- b) Obxectivos da materia e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.
- c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da materia que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- d) Metodoloxía.
  - Concrecións metodolóxicas.
  - Materiais e recursos didácticos.
- e) Avaliación.
  - Procedemento para a avaliación inicial.
  - Criterios de cualificación, con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da materia ou do ámbito, e criterios de recuperación.
  - Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.
- f) Medidas de atención á diversidade.
- g) Transversal.
  - Concreción dos elementos transversais.
  - Actividades complementarias.
- h) Práctica docente.
  - Procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
  - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada materia ou ámbito, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

O equipo directivo promoverá a participación do centro en proxectos, plans e/ou programas informando ao Claustro daqueles que poidan ser do seu interese, ademais das suxestións e propostas da xefatura de actividades complementarias e extraescolares ou da CCP, favorecendo as propostas que fagan as xefaturas dos departamentos didácticos ou o profesorado a título persoal.

Cando se considere interesante a participación nalgún proxecto, plan e/ou programa, os profesorado ou departamentos interesados presentarán un informe á dirección para o posterior debate e aprobación, se procede, polos órganos correspondentes.

#### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

O Claustro de profesores valorará a aplicación da concreción curricular e as posibles modificacións que se consideren necesarias.

#### **o) Outros apartados**

##### **1. ANPA "A Tosca"**

A ANPA do IES de Oroso (A Tosca), participa activamente na vida do centro, xa sexa mediante a presenza no Consello Escolar ou ben, no desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares do centro.